

Expediente IET: P-21-857
Proxecto: Parque eólico Alto da Telleira
Concellos: Covelo e A Cañiza (Pontevedra)
Promotor: Alto da Telleira, S.L.

INFORME DE IMPACTO E INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA

De acordo co artigo 37.1 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, e co artigo 11.3 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, con data do 26/09/2022 o Servizo de Enerxía e Minas de Pontevedra da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, somete a informe do Instituto de Estudos do Territorio (IET) documentación relativa ao proxecto Parque eólico Alto da Telleira.

1. Antecedentes:

Con data do 27/12/2021 o IET emitiu un informe de impacto e integración paisaxística, no que se indicaba que o estudo de impacto e integración paisaxística axustábase ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008, e nos artigos 26 e seguintes do Regulamento da Lei 7/2008, se ben tíñanse que completar os estudos e as medidas correctoras para atenuar os impactos visuais das infraestruturas.

De forma simultánea estase a tramitar o proxecto de interese autonómico, sobre o cal o IET emite informe nesta mesma data.

2. Marco legal:

Consonte co artigo 15 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, e co artigo 28 do Decreto 244/2011, do 29 de decembro (modificado polo Decreto 42/2019, do 28 de marzo), o Instituto de Estudos do Territorio (IET) é o órgano competente para emitir este informe en materia de paisaxe, de acordo co que para tal efecto establecen os artigos 32 e 33 do Regulamento para o desenvolvemento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, aprobado polo Decreto 96/2020, do 29 de maio (RLPPG).

En desenvolvemento da Lei 7/2008 aprobáronse o Catálogo das paisaxes de Galicia (Decreto 119/2016, do 28 de xullo) e as Directrices de paisaxe de Galicia (Decreto 238/2020, do 29 de decembro).

De acordo co artigo 11.1 da Lei 7/2008, todos os proxectos que deban someterse a declaración de impacto ambiental deberán incorporar no estudo de impacto ambiental un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP), como documento específico no que se avaliarán os efectos e impactos que o proxecto poida provocar na paisaxe e as medidas de integración paisaxística propostas. O contido do EIIP debe axustarse ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do RLPPG.

3. Análise do EIIP, dos efectos do proxecto sobre a paisaxe e das medidas de integración paisaxística:

A documentación que se somete a informe consiste en dous escritos de resposta (datas do 12/01/2022 e 14/09/2022) ao informe do IET do 27/12/2021, e nun documento denominado *Propuesta de apantallamiento vexetal PE Alto da Telleira. Septiembre 2022*. Neste documento



prevese a execución dunha pantalla vexetal consistente na plantación de arboredo autóctono (*Betula pubescens* ou *Betula alba* de non estar dispoñible comercialmente a primeira) no perímetro da subestación Alto da Telleira, cunha disposición semellante á natural, e prolongándose seguindo parte do camiño de acceso. Tendo en conta a superficie total (0,713 ha), a densidade de plantación e a disposición das árbores, plantaranse un total de 670 pés.

Ademais, en relación coa afección visual aos núcleos de poboación, propónse a execución de plantacións arbóreas empregando as especies mencionadas anteriormente na contorna dos núcleos de poboación afectados pola visibilidade do parque, cuxo deseño estudarase individualmente para cada caso e terá que ser consensuado cos veciños e propietarios dos terreos onde se implantarían. Achegan como exemplo unha proposta de apantallamento no núcleo de Carmoníño.

Non se produce ningún cambio no deseño das instalacións do parque, polo que os seus efectos sobre a paisaxe serán os que xa se valoraron en anteriores informes.

4. Conclusión:

Como xa se tiña indicado no informe do 27/12/2021, o proxecto producirá un efecto sobre a paisaxe especialmente significativo no caso da subestación, toda vez que a sinerxía coas outras instalacións destas características previstas no mesmo alto vai provocar un importante cambio no carácter da paisaxe de montaña destes cumios. Así mesmo, o proxecto provocará impactos sobre as panorámicas dende os núcleos máis próximos e dende o miradoiro de Fontefría.

As medidas propostas de dispoñer pantallas vexetais empregando especies autóctonas no perímetro da subestación de acordo coas directrices de paisaxe DX.17.b e DX.20.o, así como a posibilidade de realizar plantacións arbóreas nas proximidades dos núcleos no caso de que exista unha manifesta preocupación social polo impacto dos aeroxeradores (directriz de paisaxe DX.20.c), resultan adecuadas para atenuar en parte a incidencia visual destas infraestruturas e acadar unha mellor integración paisaxística.

En todo caso, de acordo co artigo 30.3 do Regulamento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, as novas medidas correctoras propostas, deberán quedar oportunamente recollidas no proxecto, sen que sexa necesario someter de novo a informe do IET esta documentación.

José Luís Álvarez Vicente
Xefe do Servizo de Planificación da Paisaxe

José Antonio Serantes Barbeito
Director do Departamento Técnico de Estudos

Visto e conforme, Enrique Luís de Salvador Sánchez
Director do Instituto de Estudos do Territorio

(Na data da sinatura electrónica)

